

A solicitude das bolsas implica o coñecemento e a aceptación destas bases.

Décima.-Resolución e recursos.

A resolución administrativa relativa á concesión ou denegación da bolsa seralles notificada ós interesados no prazo de seis meses, contados a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Esgotado o dito prazo sen resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición por silencio administrativo.

As resolucións que se dicten esgotarán a vía administrativa e poderá interpoñerse, chegado o caso, recurso potestativo de reposición perante o director da Escola Galega de Administración Pública no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da súa notificación, se fose expresa, ou no prazo de tres meses, contados

desde o día seguinte a aquel no que se producise o acto presunto, se non o fose. Tamén se poderá optar por interpor directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ó da súa notificación, se o acto fose expreso, e, se non o fose, o prazo para interpoñer será de seis meses contados desde o día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro que consideren oportuno.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2002.

Domingo Bello Janeiro  
Director da Escola Galega  
de Administración Pública

## ANEXO

<b>CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA</b>	
<b>ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA</b>	
<b>PROCEDIMENTO</b> BOLSAS ESTUDIO LINGUAJE ADMINISTRATIVA GALEGA	<b>DOCUMENTO</b> SOLICITUDE
<b>CODIGO DO PROCEDIMENTO</b> PRE204	

<b>DATOS DO SOLICITANTE</b>	
APellidos	Nome
Enderezo	DNI
Provincia	Localidade
Código Postal	Teléfono
	Fax

<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA</b>
<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO DNI OU PASAPORTE. <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DA CARREIRA. <input type="checkbox"/> MEMORIA. <input type="checkbox"/>

<b>MEDIO E LUGAR DE NOTIFICACIÓN</b>
MEDIO PREFERENTE DE NOTIFICACIÓN (ESCRITO, FAX, ETC.)
LUGAR ONDE DEBEVA RECIBIR A NOTIFICACIÓN

<b>REVISIÓN APLICABLE</b>								
Resolución do 12 de decembro de 2002 pola que se convocan dúas bolsas de linguaxe administrativa galega.								
SINATURA DO SOLICITANTE								
de de								
<b>RECIBIDO</b>								
(Para cubrir pola Administración)								
REVISADO E CONFORME								
<table border="1"> <tr> <td>NUMERO DE EXPEDIENTE</td> <td>/ /</td> </tr> <tr> <td>DATA DE ENTRADA</td> <td>/ /</td> </tr> <tr> <td>DATA DE EFECTOS</td> <td>/ /</td> </tr> <tr> <td>DATA DE SAIDA</td> <td>/ /</td> </tr> </table>	NUMERO DE EXPEDIENTE	/ /	DATA DE ENTRADA	/ /	DATA DE EFECTOS	/ /	DATA DE SAIDA	/ /
NUMERO DE EXPEDIENTE	/ /							
DATA DE ENTRADA	/ /							
DATA DE EFECTOS	/ /							
DATA DE SAIDA	/ /							

Director da Escola Galega de Administración Pública. Rúa de Madrid, 2-4. 15707 Santiago de Compostela.

*Resolución do 12 de decembro de 2002 pola que se convocan tres bolsas de biblioteconomía e documentación.*

O artigo 3.1º g) da Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, considera entre os fins da escola a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración pública, promovendo a súa máxima difusión.

En execución do plan de actividades da escola para o ano 2003, e de conformidade coa referida lei, convócanse tres bolsas de biblioteconomía e documentación, segundo as seguintes bases:

Primeira.-Obxecto.

A Escola Galega de Administración Pública convoca tres bolsas de biblioteconomía e documentación para

a execución de tarefas desta natureza na biblioteca desta escola.

Segunda.-Duración e dotación económica.

As tarefas relativas a estas bolsas iniciaranse a partir da incorporación dos bolseiros e rematarán o 31 de decembro de 2003. Poderán ser prorrogadas, en función do aproveitamento do adxudicatario, sempre que exista crédito adecuado e suficiente por un ano ou, se é o caso, ata que se resolva a convocatoria do ano 2004.

A dotación económica de cada bolsa será de 806 euros mensuais brutos coa retención fiscal que lle corresponda.

O financiamento estará condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 04.50.122 A.480.00 dos orzamentos xerais da Comu-

nidade Autónoma de Galicia para 2003. O expediente económico tramítase de acordo co previsto na Orde do 11 de febreiro de 1998 que regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto.

Antes de proceder ó último pagamento, os beneficiarios deberán efectuar unha declaración xurada ou responsable conforme non desfrutaron doutra bolsa que a adxudicada en virtude desta convocatoria.

Terceira.-Natureza xurídica da relación.

A condición de bolseiro non xerará unha relación laboral nin administrativa coa Xunta de Galicia nin a súa inclusión na Seguridade Social. Será incompatible co desfrute doutras bolsas.

Cuarta.-Requisitos dos participantes.

Poderán optar ás bolsas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser titulado/a superior universitario con especialidade en bibliotecas ou licenciado en dereito con formación e experiencia en bibliotecas.

b) Acreditar formación e/ou experiencia en traballos de biblioteconomía e documentación.

c) Acreditar formación e/ou coñecementos da lingua galega.

d) Acreditar formación e/ou experiencia en informática.

Quinta.-Solicitudes.

As persoas interesadas presentarán no rexistro da Escola Galega de Administración Pública, dentro dos quince días naturais seguintes ó da publicación desta convocatoria, a seguinte documentación:

a) Unha instancia de admisión para participar nas probas de selección, segundo o modelo anexo.

b) Unha fotocopia do DNI.

c) Certificación académica na que se detallen as cualificacións obtidas na licenciatura.

d) Documentos que acrediten a formación e/ou experiencia esixida nos puntos 4.b, 4.c e 4.d.

e) Memoria descritiva, en tres folios como mínimo e cinco como máximo, das tarefas de colaboración dun bolseiro na biblioteca dun centro de formación de funcionarios públicos.

f) Declaración xurada ou responsable na que se comprometa a renunciar se fose seleccionado para outra bolsa.

Sexta.-Tribunal.

Presidente: o secretario xeral da Escola Galega de Administración Pública.

Vocal: unha persoa experta en biblioteconomía.

Secretario: o xefe do Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións da EGAP.

O tribunal está clasificado na categoría superior para os efectos previstos no artigo 26 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ó persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Sétima.-Criterios para a selección dos bolseiros.

A selección realizarase mediante a valoración dos méritos acreditados conforme o seguinte baremo:

a) Expediente académico: ata catro puntos.

b) Formación ou experiencia en temas relacionados co obxecto desta bolsa: ata dous puntos.

c) Coñecementos da lingua galega: ata dous puntos.

d) Coñecementos de informática: ata dous puntos.

e) Memoria: ata cinco puntos.

O tribunal non valorará aqueles méritos dos candidatos que non estean acreditados documentalmente.

O tribunal poderá realizar unha entrevista cos aspirantes. Á vista da valoración dos méritos dos candidatos, o tribunal determinará a puntuación mínima para acceder á entrevista. A entrevista versará sobre os seus méritos curriculares e a memoria e terá unha duración máxima de quince minutos. A puntuación máxima pola entrevista non superará o 25% da que corresponda pola aplicación do baremo.

Finalmente, o tribunal fará pública no taboleiro de anuncios da escola a relación de candidatos por orde de puntuación.

Oitava.-Réxime de colaboración.

Os aspirantes seleccionados incorporaranse, logo da aceptación da bolsa, no prazo de tres días naturais seguintes ó da notificación do outorgamento.

Os bolseiros prestarán a súa colaboración, baixo as indicacións do xefe do Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións, en horario de mañá e/ou tarde, de luns a venres na Escola Galega da Administración Pública. Os traballos realizados quedarán en propiedade da escola.

Os bolseiros presentarán ó remate das bolsas un informe sobre os traballos realizados.

Así mesmo, deberán asistir ás actividades que a escola considere convenientes para a súa formación. Os gastos ocasionados con motivo destas actividades serán pagados pola escola, logo de que o xefe do Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións certifique os gastos producidos; os gastos de desprazamento, aloxamento e manutención non poderán superar a contía establecida para o grupo II do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre as indemnizacións por razón do servizo ó persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

No caso de que un adxudicatario por calquera motivo non poida presta-la súa colaboración, será substituído polo candidato seguinte por orde de puntuación. En caso de renuncia á bolsa, non se entenderá que existe incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, sempre e cando o órgano xestor certifique o correcto desempeño por parte do bolseiro das tarefas inherentes á bolsa, garantindo a continuidade delas coa substitución por outro bolseiro. Cando a data da renuncia non coincida co derradeiro día de cada mes, aboarase a parte proporcional correspondente ó desfrute da bolsa.

Novena.-Anulación da bolsa.

No caso de incumprimento das tarefas de colaboración, a escola poderá, por proposta do xefe de Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións, e logo de escoita-la persoa afectada, anula-la bolsa.

A solicitude das bolsas implica o coñecemento e a aceptación destas bases.

Décima.-Resolución e recursos.

A resolución administrativa relativa á concesión ou denegación da bolsa seralles notificada ós interesados no prazo de seis meses, contados a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Esgotado o dito prazo sen resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición por silencio administrativo.


As resolucións que se dicten esgotarán a vía administrativa e poderá interpoñerse, chegado o caso, recurso potestativo de reposición perante o director da Escola Galega de Administración Pública no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da súa notificación, se fose expresa, ou no prazo de tres meses contados desde o día seguinte a aquel no que se producise o acto presunto, se non o fose. Tamén se poderá optar por interpor directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ó da súa notificación, se o acto fose expreso, e, se non o fose, o prazo para interpor será de seis meses contados desde o día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro que consideren oportuno.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2002.

Domingo Bello Janeiro  
Director da Escola Galega  
de Administración Pública

ANEXO

 <p><b>CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA</b></p> <p>ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA</p>	<p>DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b></p> <p>CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>PR&amp;ZOC</b></p> <p><b>BOLSAS DE BIBLIOTECONOMÍA E DOCUMENTACIÓN</b></p>												
<p><b>DATOS DO SOLICITANTE</b></p> <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 30%;">APELLIDOS</td> <td style="width: 30%;">NOME</td> <td style="width: 10%;">DNI</td> <td style="width: 30%;">LOCALIDADE</td> </tr> <tr> <td>ENDEREZO</td> <td>CÓDIGO POSTAL</td> <td>TELÉFONO</td> <td>FAX</td> </tr> <tr> <td>PROVINCIA</td> <td></td> <td></td> <td></td> </tr> </table>		APELLIDOS	NOME	DNI	LOCALIDADE	ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	PROVINCIA			
APELLIDOS	NOME	DNI	LOCALIDADE										
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX										
PROVINCIA													
<p><b>DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA</b></p> <p><input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO DNI OU PASAPORTE.</p> <p><input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DA CARREIRA.</p> <p><input type="checkbox"/> MEMORIA.</p> <p><input type="checkbox"/></p>													
<p><b>MEDIO E LUGAR DE NOTIFICACIÓN</b></p> <p>MEDIO PREFERENTE DE NOTIFICACIÓN (ESCRITO, FAX, ETC.)</p> <p>LUGAR ONDE DESESA RECIBIR A NOTIFICACIÓN</p>													
<p>REVISIÓN APLICABLE</p> <p><i>Resolución do 12 de decembro de 2002 pola que se convocan tres bolsas de biblioteconomía e documentación.</i></p> <p>SINATURA DO SOLICITANTE</p> <p style="text-align: right;">de . . . . . de</p>	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 25%;">NÚMERO DE EXPEDIENTE</td> <td style="width: 25%;">DATA DE ENTRADA</td> <td style="width: 25%;">DATA DE EFECTOS</td> <td style="width: 25%;">DATA DE SAÍDA</td> </tr> <tr> <td>/ /</td> <td>/ /</td> <td>/ /</td> <td>/ /</td> </tr> </table> <p style="text-align: center;">(Para cubrir pola Administración)</p> <p>RECIBIDO</p> <p>REVISADO E CONFORME</p>	NÚMERO DE EXPEDIENTE	DATA DE ENTRADA	DATA DE EFECTOS	DATA DE SAÍDA	/ /	/ /	/ /	/ /				
NÚMERO DE EXPEDIENTE	DATA DE ENTRADA	DATA DE EFECTOS	DATA DE SAÍDA										
/ /	/ /	/ /	/ /										

Director da Escola Galega de Administración Pública. Rua de Madrid, 2-4. 15707 Santiago de Compostela.

*Resolución do 12 de decembro de 2002 pola que se convocan cinco bolsas de colaboración en tarefas de estudo e análise sobre materias xurídicas e político-administrativas.*

O artigo 3.1º g) da Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, considera entre os fins da escola a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración pública, promovendo a súa máxima difusión.

En execución do plan de actividades da escola para o ano 2003, e de conformidade coa referida disposición, convócanse cinco bolsas de colaboración en tarefas de

estudio e análise sobre materias xurídicas e político-administrativas segundo as seguintes bases:

Primeira.-Obxecto.

A Escola Galega de Administración Pública convoca cinco bolsas, das que catro serán para a realización de estudos e análise sobre materias xurídicas e unha sobre materias político-administrativas.

Segunda.-Duración e dotación económica.

As tarefas relativas a estas bolsas iniciaranse a partir da incorporación dos bolseiros e rematarán o 31 de decembro de 2003. Poderán ser prorrogadas, en función do aproveitamento do adxudicatario, sempre que exista crédito adecuado e suficiente por un ano ou, se é o caso, ata que se resolva a convocatoria do ano 2004.